

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

Mesa Delegada e Subcomisión Paritaria no MITERD

novembro de 2023

MESA DELEGADA

Acción Social nos Servizos Centrais e Periféricos

Publicados os listados definitivos o xoves 23 na Intranet. Outro ano máis as bases establecidas móstranse inadecuadas, bases que a **CIG** non asinará mentres non se recupere a porcentaxe da parte orzamentaria recortada no 2011: hai superávit co reparto inicial feito, co que se aplica o establecido nas bases para estes casos no punto sete: *aumentar a contía das axudas e/ou variar a contía máxima e mínima a percibir por solicitante*, co que se aumentou o importe máximo e se eliminou a contía mínima.

Promoción interna

A Administración informa sobre as convocatorias de promoción interna. Xustifican a cantidade de vacantes na promoción de Axentes Medioambientais nos futuros procesos de Cambio de Réxime Xurídico para o Anexo II do IV CUAGE; queren ver para este e outros corpos a posibilidade de reducir temario e dar formación. Tamén informan da súa intención de crear novas especialidades de Organismos Autónomos, Xestión Medioambiental (A1 e A2), coa finalidade de ser unha saída natural á promoción dos perfís de Corpo Xerais do Estado, que non atopan nos corpos de carácter máis técnico unha opción atractiva para promocionar dentro do Ministerio. Xurde debate referente ós tribunais: a **CIG** móstrase favorable a incrementar oferta formativa preparatoria para todas as promocións, e propoñemos que se facilite contido actualizado de temarios, especialmente no caso das partes específicas, o que ademais de axudar na preparación ás persoas candidatas, facilita o traballo dos tribunais tendo de maneira obxectiva e definida o alcance de cada tema, máis útil se cabe na avaliación das partes orais, o que xunto con criterios obxectivos nas bases facilitaría o seu traballo. A **CIG** pide que se permita acreditar o coñecemento do inglés. A Administración está de acordo coas nosas propostas.

Plan Estratéxico das Confederacións Hidrográficas

Informan da negativa da CECIR á financiación de prazas que non estaban na primeira proposta do Ministerio. Informan nesta reunión que un total de 38 prazas de persoal laboral foron amortizadas para financiar prazas de funcionarias/os: a **CIG** está en contra destas amortizacións, como xa expuxemos na Subcomisión paritaria, pois por un lado hai déficit de persoal laboral nas Confederación Hidrográficas, e por outro amortizamos prazas que poderían ser dirixidas ás especialidades que se precisan; o que despois supón novamente incrementar as *externalizacións* dentro das CCHH. Outras organizacións sindicais piden empregar esas amortizacións de prazas de

persoal laboral para pagar os defectos orzamentarios dun sistema complementario que elas mesmas asinaron. A **CIG** está en contra desta maneira de reforzar as CCHH: fai un ano que fomos convocados a unha reunión co Subdirector onde se expuxo este Plan, cun período de acción de 2020- 2022 e case rematando o ano 2022: pasado outro ano vemos que na maior parte cubriu prazas de niveis 28 e 26, unhas poucas de nivel 24, e a cobertura en niveis máis baixos é anecdótica, manifestándose claramente que a Administración cada vez é máis unha pirámide invertida, sen unha base de mans para traballar como demandamos. En calquera caso toda a parte social está en contra de financiar as incorporacións de persoal funcionario coa amortización de persoal laboral, e temos unanimidade en que este plan non leva a ningún lado, para o que esiximos cambios inmediatos nas Confederacións Hidrográficas.

Situación do programa de primeiras experiencias

A Administración informa que revisará a selección deste persoal en adiante. A **CIG** expón que o encaixe deste persoal é complicado (non pode facer tarefas dun posto de persoal laboral ou funcionario) e que non en todas as unidades é posible, xa que ademais precisa de titores.

Información sobre importes de produtividade

A Administración comprométese a remitir a información relativa a produtividades en tempo e forma de agora en diante. A **CIG** manifesta que non nos damos por informados cos poucos datos que facilitan relativos as produtividades e que se está a incumplir a negociación da produtividade, cunha Instrución de Produtividade do MARM que data do 2009. Solicitamos negociar novos criterios de reparto no 2024.

SUBCOMISIÓN PARITARIA

Grupo de traballo de asignación de novos Complementos

Estanse levando a cabo reunións do Grupo de traballo de asignación de novos Complementos. A **CIG** xa deixou claro que non apoiaremos a amortización de postos de traballo para financiar complementos: o novo sistema complementario acordado polas outras organizacións sindicais e a Administración, e coa contra da CIG, deixou fóra a un elevado número de traballadoras e traballadores do IV CUAGE, co resultado de persoal coas mesmas condicións laborais pero distinto salario; no caso dos novos complementos aínda é peor..., e agora preténdese emendar estes defectos orzamentarios amortizando postos que serían moi necesarios nos centros de traballo.

Lugo, novembro de 2023.